



EXPEDIENTE: 5107/440.

ASUNTO: "CONTRATO MAIOR OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES"

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONOMICAS (SOBRE "C").

Con data 12 de abril 2018 a Mesa de Contratación remitiu á Area de Fomento para informe e valoración, as ofertas económicas presentadas polos licitadores no sobre "C", para a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no apartado 8.B das FEC.

Os datos económicos da apertura das ofertas aceptadas se recollen na "táboa01", anexa a este informe.

a.- VALORACIÓN PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS:

Antes de proceder a valoración das ofertas económicas, foi analizado si algunha das ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados, en base os criterios establecidos no apartado 8.D. das FEC.

De acordo co informe técnico de data 12 de abril de 2018, a mesa de contratación de data 16 de abril de 2018, aprobou a presunción de ofertas anormais ou desproporcionadas, para a oferta presentada pola seguinte empresa:

Empresas	Valor BI %
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	27,80

por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade de acordo a formula:
 $Bi > Br + (K \times \delta') = 27,24$

Con data 17 de abril a mesa de contratación procede a notificar a citada empresa, dándolle un prazo de tres días para presentar alegacións e a documentación que considere oportuno para xustificar a valoración da oferta en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados. Dito prazo rematou o 20 de abril de 2018.

Dentro do prazo establecido foi presentada documentación xustificativa da presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados, por parte da mercantil: PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L..

Con data 23 de abril de 2018, emítense informe asinado polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal / Xefe de Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, sobre as xustificacións





presentadas pola mercantil; PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., e no citado informe se conclúe que:

Se trata dunha xustificación escasa, sen contido nin información salvo dúas afirmacións meramente voluntaristas, polo tanto non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

b.- VALORACIÓN DAS OFERTAS DE ACORDO COS CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA:

De acordo co contido do PCAP que rexe o presente procedemento de contratación, os criterios avaliáveis mediante formula, se atopan definidos no apartado 8.B das FEC, e correspóndense cos seguintes:

Os criterios avaliáveis mediante terán unha puntuación máxima de "**PE= 100 puntos**" e un coeficiente de ponderación "**B= 65**".

B.1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata **100 puntos**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao orzamento base de licitación o prezo ofertado polo licitador (sen IVE).

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $Be < Bi \leq BE$
 $PE = 98,5 + (1,5 (Bi/BE))$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85*Be < Bi \leq Be$
 $PE = 95 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85*Be)}{0,15 * Be} \right)$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65*Be < Bi \leq 0,85*Be$
 $PE = 87,50 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65*Be)}{0,20 * Be} \right)$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0*Be \leq Bi \leq 0,65Be$
 $PE = 87,50 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$

Sendo:



PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación

Be= Valor da porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $B_i \leq B_r + \sigma'$ (segundo se definen B_r y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas – apartado 8.d desta FEC)

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas

Na valoración dos criterios terase en conta a seguinte ponderación:

$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PE$$

Sendo:

P: puntuación total obtida da valoración da oferta

PT: puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor

PE: puntuación da avaliación dos criterios mediante fórmula

A: ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (35 %)

B: ponderación dos puntos dos criterios mediante fórmula (65 %)

C.- cálculos de aplicación das formulas para as ofertas das empresas admitidas:

Procedese a aplicación das formulas indicadas no apartado anterior, en base as ofertas realizadas polas empresas admitidas o proceso de licitación, descartando as consideradas como ofertas anormais ou desproporcionadas.

As puntuacións obtidas para cada un dos criterios se desenvolve nas táboas que se anexan o presente informe, de acordo coas ofertas de cada licitador, e que de forma concreta atenden os seguintes criterios:

- Taboa-00. Relación de empresas licitadoras, admitidas o proceso de licitación
- Taboa-01. Datos da apertura das ofertas do sobre “C”
- Taboa-02.- Calculo das ofertas anormais ou desproporcionadas.
- Taboa-02.1. Calculo para o valor Be





- Taboa-03. Cálculos para a puntuación das ofertas económicas.
- Taboa-04. Resumen das puntuacións mediante xuízo de valor e formula, coa puntuación total.
- Taboa-05. Clasificación por orden decrecente da puntuación final.

Dos cálculos descritos nas táboas anexas indicadas no paragrafo anterior, desprendese o seguinte resumen, así como a súa clasificación por orde decrecente das puntuacións obtidas nos criterios de xuízo de valor e por formula de cada unha das mercantís licitadoras:

Resumen das puntuacións finais:

Empresas licitadoras	Puntos Xuízo valor ponderado a 35 puntos	Puntos formula ponderado a 65 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
ORESA SL	28,56	64,03	92,59
ELSAMEX SA	18,76	62,77	81,53
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	20,93	65,00	85,93
EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA SL	19,46	64,90	84,36
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	26,29	0,00	0,00
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	26,99	59,85	86,83
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	15,65	63,00	78,64
NAROM, S.L.	20,00	63,93	83,93

Resumen da puntuación por orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	ORESA SL	92,59
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,83
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	85,93
4	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA SL	84,36
5	NAROM, S.L.	83,93
6	ELSAMEX SA	81,53
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,64

Vigo a data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario. Oscar Couce Senra.

O Xefe da Area de Inversións. Jose Angel Otero Lamas

